

INSTRUCCIÓN Nº 1/2018

NORMAS SOBRE TRAMITACIÓN DE PROXECTOS DE FORMACIÓN PROMOVIDOS POLOS GDR COA FINALIDADE DE INCREMENTAR A EMPREGABILIDADE DA POBOACIÓN ACTIVA DO TERRITORIO (SUBMEDIDA 19.2)

As bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020, publicadas no DOG do 18 de xaneiro de 2017 (DOG NÚM.12), regulan na ficha de elixibilidade VII (artigos 53 e seguintes) os proxectos non produtivos de formación, promovidos polos GDR coa finalidade de incrementar a empregabilidade da poboación activa do territorio.

Neste senso, poderán subvencionarse proxectos que, estando promovidos polos GDR seleccionados para aplicar unha estratexia de desenvolvemento local participativo ao abeiro da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, se dirixan especificamente á poboación activa do territorio, coa finalidade de mellorar a capacitación para o emprego, xa sexa por conta propia como allea.

A Resolución do 11 de febreiro de 2016 pola que se publicou o Acordo do 10 de febreiro de 2016 polo que se aprobaron as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local e para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural, publicado no DOG do 2 de marzo de 2016 (DOG NÚM.42) establece (apartado VII. “As *estratexias de desenvolvemento local*”. Punto 9º) que a selección de proxectos de formación por parte dos GDR no ámbito da submedida 19.2: implantación de operacións, é voluntaria; e que no caso de que a Estratexia de Desenvolvemento local a contemple, debe establecerse na



propia Estratexia do GDR unha identificación dos sectores que, en coherencia coa propia Estratexia, serán aos que se dirixan as actividades formativas. Deberán establecerse os requisitos básicos para a selección do persoal formador e do alumnado, método de cálculo dos custos estimados ás actividades formativas e criterios de delimitación coa formación que se financie a través do Fondo Social Europeo (FSE).

En aplicación do punto 5 do Acordo do Consello de Dirección da Agader do 29 de decembro de 2016 polo que se aprobaron as bases reguladoras das axudas Leader do PDR de Galicia 2014-2020 e coa finalidade de completar a súa regulación no ámbito da formación promovida polos GDR para a capacitación para o emprego, o director xeral da Agader emite a presente instrución.

Requisitos xerais de elixibilidade.-

Para os efectos de considerar elixible un proxecto de formación para a capacitación para o emprego promovido por un GDR no marco da medida 19.2 debe comprobarse, en primeiro lugar que este tipo de formación para o emprego está prevista na Estratexia de Desenvolvemento Local do GDR que foi aprobada por Agader no marco do Leader de Galicia 2014-2020; e que a temática formativa ou sector ao que vai dirixido a formación está recollido na Estratexia do GDR.

Por outra parte, este tipo de proxectos encadrados na submedida 19.2, ao estar promovidos directamente polos GDR non entran en concorrencia competitiva cos outros proxectos non produtivos. Polo tanto, débese comprobar a existencia de crédito suficiente, segundo a distribución anual por tipoloxías de proxectos proposta polo GDR no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria anual de axudas e aprobada por Agader mediante resolución emitida polo director xeral. A distribución proposta polo GDR e aprobada por Agader deberá ir en liña co disposto na Estratexia de Desenvolvemento Local seleccionada e non poderá superar en ningún caso o 2,5% dos fondos públicos globais que se asignen á submedida 19.2 ao longo de todo o período de programación Leader 2014-2020. Os fondos públicos destinados a proxectos formativos computan no máximo do 35% do global de fondos da submedida 19.2 que poderán ser destinados a proxectos non produtivos ao longo de todo o período de programación Leader 2014-2020.

Unicamente no suposto de que se cumpran, a xuízo da Agader, os requisitos sinalados nos dous parágrafos anteriores e que, por conseguinte o expediente conte coa verificación favorable do ICE, poderá emitirse a resolución de concesión da axuda, sen agardar a ningún período de concorrencia con outros expedientes e ata a existencia de crédito dispoñible nesta tipoloxía de proxectos.

Gastos subvencionables.-



En coherencia co artigo 54 das bases reguladoras, considéranse subvencionables os seguintes gastos:

- Material funxible necesario para a realización da actividade formativa.
O material funxible deberá estar relacionado directamente coa actividade formativa do curso e, como regra xeral, limítase o seu importe a un total de 2 € por alumno e hora de actividade formativa, ata un máximo de 3.000 €, IVE non incluído.
Nos supostos de certas actividades formativas que atendendo á súa especificidade, poidan empregar alta tecnoloxía, que sexan eminentemente prácticos e/ou nos que os límites máximos establecidos neste apartado poidan resulten insuficientes; a Agader poderá autorizar que ditos límites se excedan, sempre e cando queden acreditadas estas particularidades no expediente e se realice un adecuado control da moderación de custes segundo as regras xerais do artigo 10 das bases reguladoras.
- Gastos de desprazamento e axudas de custo (incluídos manutención e aloxamento).
Unicamente serán elixibles este gastos para o persoal docente e segundo as contías máximas que se establezan para o grupo 2º no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre axudas de custo para o persoal con destino na Administración autonómica de Galicia ou normativa que o substitúa.
Tamén serán elixibles estes gastos e por idéntica contía, para o persoal do equipo xestor do GDR promotor do curso que, por razóns organizativas se deba desprazar ao lugar ou lugares de impartición do mesmo.
- Alugamento de instalacións e equipamentos que sexan necesarios para a impartición do curso formativo.
Deberá acreditarse que o prezo dos alugueres a que fai referencia este punto sitúase a prezos de mercado, segundo as regras xerais establecidas no artigo 10 das bases reguladoras.
No caso de que por calquera razón non sexa posible a remisión a Agader de polo menos 3 ofertas, deberá xuntarse unha pequena memoria que explique e fundamente esta circunstancia, así como a razón de ser do prezo proposto para este concepto de gasto.
- Gastos de contratación do persoal docente e expertos.
En todo caso o persoal contratado ou no seu caso encargado de impartir a actividade formativa deberá ser tecnicamente apto e xustificadamente elixido para a actividade.
Para os efectos de xustificar a idoneidade da escolla do persoal formador que impartirá o curso, deberá xuntarse ao expediente unha pequena memoria explicativa que veña a xustificar esta escolla, indicando un breve resumo da formación, capacitación, experiencia profesional e méritos do persoal encargado de impartir o curso.
O prezo unitario máximo que se poderá imputar á medida Leader do PDR de Galicia está situado en 60 € por hora impartida.



- Outros gastos: luz, auga, limpeza de locais, seguridade, divulgación do curso mediante a edición de folletos e anuncios publicitarios.
Serán subvencionables sempre que estean debidamente presupostados e xustificados, ata un máximo de 2 € por alumno e actividade formativa, ata un máximo de 1.500 € por curso, IVE non incluído.
- Gastos organizativos.
Nos supostos nos que a organización e impartición do curso formativo sexa contratada polo GDR promotor do expediente a unha empresa especializada poderá imputarse o concepto de gastos organizativos, os cales estarán limitados a un máximo do 12% do conxunto dos gastos subvencionables do proxecto.
- Gastos relacionados coa contratación de seguros de responsabilidade civil que sexan obrigatorios pola normativa aplicable ao curso formativo.

No suposto que a acción formativa conleve a organización de visitas, a maiores, financiarase o 100% dos gastos de desprazamento nun medio de transporte colectivo, unha vez controlada a moderación do custe polo sistema xeral de presentación de 3 ofertas recollido no artigo 10 das bases reguladoras e debidamente xustificada a oportunidade e necesidade do uso dese transporte concreto.

Os gastos subvencionables indicados neste apartado e que sexan imputados polo GDR con cargo aos expedientes de formación deberán figurar nas correspondentes facturas xustificativas, ou documentos probatorios de valor equivalente, debidamente desagregados por conceptos e por contías.

Gastos non subvencionables.-

En coherencia co disposto no artigo 53 das bases reguladoras, en ningún caso serán subvencionables os seguintes gastos:

- Gastos relacionados con formación a distancia ou non presencial.
- Gastos de desprazamentos e axudas de custo do alumnado do curso.

Requisitos adicionais que deberán cumprirse en todos os expedientes de formación.-

Como regra xeral, o número mínimo de alumnos por curso formativo en ningún caso poderá ser inferior a 8 nin exceder de 30. Non obstante, a Agader poderá autorizar uns límites distintos, sempre e cando quede, a xuízo de Agader, debidamente xustificada a excepcionalidade por razóns de demanda, temática do curso ou outras características da actividade formativa.

En liña co disposto no artigo 53 das bases reguladoras e segundo as regras xerais previstas nas citadas bases, unicamente serán subvencionables os gastos das actividades formativas que tiveran lugar despois de rexistrarse a correspondente solicitude de axuda.



En calquera caso, o GDR deberá comunicar a Agader por escrito as datas, os horarios e o lugar exacto da realización efectiva de cada unha das actividades formativas e sempre cunha antelación mínima de 10 días naturais. O non cumprimento deste requisito poderá dar lugar á non elixibilidade ou non verificación do ICE correspondente, así coma á non elixibilidade de ningún gasto relacionado co proxecto formativo no que se incumpra esta obriga.

Xunto coa xustificación final do proxecto, o GDR deberá remitir a Agader a documentación que acredite un exhaustivo control diario de asistencia do alumnado e do persoal formador, mediante a recollida dos correspondentes partes asinados polo alumnado e os formadores. Deberá remitirse tamén unha reportaxe fotográfica de cada curso, así como copia das enquisas finais do curso, cumprimentadas polo alumnado, nas que se puntúe a calidade xeral do curso, a idoneidade dos contidos impartidos e a calidade profesional dos docentes participantes. O non cumprimento dos requisitos sinalados neste parágrafo poderá conlevar a non elixibilidade de ningún gasto relacionado co proxecto formativo no que se incumpran estas obrigas. Os alumnos para os que non se constate unha asistencia mínima do 80% das horas lectivas do curso non poderán acadar certificado ou diploma acreditativo do curso. No suposto de cursos nos que, pola razón que sexa, non se acredite que polo menos se impartiron o 60% das horas previstas e cun mínimo de 8 alumnos, non serán subvencionables e a Agader rexeitará a xustificación final do mesmo, iniciándose a continuación un expediente de perda do dereito ao cobro da subvención concedida.

O número mínimo de horas de duración por curso formativo en ningún caso poderá ser inferior a 4.

Proxectos de formación de temática agraria. Réxime específico.-

A impartición dos cursos formativos en temática agraria (considerando a mesma os sectores agrícola, gandeiro e forestal) unicamente poderán estar impartidos con entidades que estean acreditadas ante a Consellería de Medio Rural e posúan unha antigüidade mínima dun ano, segundo o disposto na Orde do 17 de marzo de 2009 pola que se ditan normas relativas á inscrición no rexistro de entidades colaboradoras da Consellería de Medio Rural (DOG nº 60 do 27 de marzo de 2009).

A acreditación do rexistro cunha antigüidade mínima dun ano á que se refire o parágrafo anterior deberá xuntarse ao expediente con carácter previo á verificación do mesmo. Non poderá verificarse ningún expediente de formación en temática agraria no que non resulten acreditados os requisitos sinalados neste apartado.

Publicidade e entrada en vigor desta instrución.-

Esta instrución será publicada na web da Agader e notificada electronicamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://notifica.xunta.gal>) a todos os GDR seleccionados





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



agader
AXENCIA GALEGA DE
DESENVOLVEMENTO RURAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA Y PESCA,
ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



para a aplicación dunha Estratexia de Desenvolvemento Local participativo ao abeiro da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020.

Esta instrución será aplicable a partir do día da recepción da mesma polos GDR destinatarios.

Santiago de Compostela.

O director xeral de AGADER

(Asinado electronicamente)

Miguel Ángel Pérez Dubois

